



Unha Andaina pola matemática

Código: 118713

Curso académico: 2008/09

Departamento: Xeometría e Topoloxía

Profesora: María Elena Vázquez Abal elena.vazquez.abal@usc.es

Lugar de impartición: Aula Magna da Facultade de Matemáticas

Obxectivos da materia

O obxectivo destas conferencias e seminarios é formativo e divulgativo a un tempo. Preténdese mostrarlles aos asistentes a evolución histórica dalgúns conceptos matemáticos, a importancia e fermosura de resultados clásicos e modernos, así como as aplicacións dalgunhas teorías básicas, tanto nas propias Matemáticas como na Arte, Arquitectura, Bioloxía, Ciencias Sociais, Enxeñaría, Física, Informática, Música, Química...

Contidos

Calendario de Conferencias:

Para facilitar a participación, a conferencia de Papiroflexia realizarase en dúas sesións. Ó día 02/03/2009 asistirán o alumnado que o seu primeiro apelido estea comprendido entre as letras A e J (inclusive) e o día 09/03/2009 o resto do alumnado.

25/02/2009

17horas

Matemáticas moi, moi, cotiás

María Elena Vázquez Abal

Departamento de Xeometría e Topoloxía, Universidade de Santiago de Compostela

02/03/2009 e 09/03/2009

17:30horas

Matemáticas, ique papelón!

Covadonga Blanco García, Ana Gómez González e María Teresa Otero Suárez

Departamento de Matemáticas, Universidade da Coruña

Departamento de Matemática Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela

I.E.S. Antonio Fraguas, Santiago de Compostela

Membros da Asociación Española de Papiroflexia

16/03/2009

17horas

Et in Arcadia Mathematica

Carmen Quinteiro Sandomingo e Miguel Mirás Calvo

Departamento de Matemáticas, Universidade de Vigo

23/03/2009

17horas

Para que sirven as matemáticas que non sirven para nada

Leovigildo Alonso Tarrío

Departamento de Álgebra, Universidade de Santiago de Compostela

30/03/2009

17horas

Mente, realidade virtual e a estrutura do "eu"

Xurxo Mariño Alfonso

Grupo de Neurociencia e Control Motor, Universidade da Coruña

13/04/2009

17horas

Matemáticas: ivoto a bríos!

Marta Macho Standler

Matematika Saila, Euskal Herriko Unibertsitatea

(Departamento de Matemáticas, Universidade do País Vasco)

20/04/2009

17horas

As matemáticas do século XXI

Enrique Macías Virgós

Departamento de Xeometría e Topoloxía, Universidade de Santiago de Compostela

27/04/2009

17horas

Os números do cerebro, ata canto sabemos contar?

Casto Rivadulla Fernández

04/05/2009

17horas

Ela é unha astrónoma

Josefina Ling Ling

Departamento de Matemática Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela

11/05/2009

17horas

Monólogos matemáticos

Cesar Goldi e Vicente de Souza

Actores

Bibliografía básica e complementaria

Dependerá da programación anual.

Competencias

Alcanzar unha mínima visión crítica da importancia das matemáticas nas diversas ciencias e na vida.

Metodoloxía da ensinanza

A actividade consistirá nunha serie de 10 conferencias ou seminarios de duración entre 120 e 180 minutos, baixo o nome UNHA ANDAINA POLA MATEMÁTICA. Celebraranse no curso académico 2008-2009, preferentemente en horario de tarde e na Facultade de Matemáticas.

As conferencias poderán ser impartidas por profesorado de Universidade, pero tamén se dará cabida ao profesorado de ensino medio e profesionais con algún tipo de relación coas matemáticas.

As charlas e seminarios estarán dirixidas a alumnos das Licenciaturas de Ciencias e complementaranse cun curso virtual onde se realizarán exames e traballos complementarios.

Coa intención de potenciar a participación e de evitar a masificación, haberá un número limitado de 150 prazas.

Sistema de avaliación da aprendizaxe

Para superar o curso, o alumnado terá que acreditar a súa participación nun mínimo de 9 das 10 sesións, para o que deberá acudir coa súa tarxeta universitaria ás conferencias.

En canto á cualificación, no curso virtual iranse propoñendo actividades e/ou exames en liña con cuestións relacionadas cos temas tratados para matizar a avaliación.

NOTA 1.- Esta é unha materia que se supera coa asistencia ás conferencias e o número máximo de faltas é 1. A limitación do número de prazas obriga a facer unha selección que deixa fóra a moito alumnado, polo que toda excepción a esta norma básica representaría un agravio comparativo e sería totalmente inxusta.

NOTA 2.- A matriculación é un asunto regulamentado na USC na normativa de xestión académica e non depende do criterio do persoal docente; polo que se aconsella ao alumnado consulte a normativa que regula o procedemento de matrícula de libre configuración con límite de prazas antes de formalizar a matrícula.

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala

Horas presenciais $2,5 \cdot 10 = 25$.

Horas traballo persoal no curso virtual (exames e/ou traballos): 5.

Observacións

Para validar a asistencia ao curso, é necesario presentar a tarxeta magnética de estudante en cada conferencia.

Pódese atopar información na dirección: <http://xtsunxet.usc.es/>

Profesora encargada da materia: María Elena Vázquez Abal elena.vazquez.abal@usc.es